

O Tribunal das probas selectivas para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, subgrupo C2 (Resolución do 15 de xullo de 2021, D.O.G. do 29 de xullo de 2021), reunido o día 10 de outubro de 2022, unha vez realizada a proba correspondente ao terceiro exercicio da fase de oposición, transcorrido o prazo de reclamacións contra as preguntas formuladas polo tribunal e, logo de analizar as impugnacións presentadas,

ACORDOU

1. Desestimar a totalidade das impugnacións as preguntas presentadas polos/as aspirantes, cuxa motivación se notificará de xeito individualizado ás persoas reclamantes.

2. PUBLICAR a relación de aspirantes da quenda de acceso libre que superaron o terceiro exercicio do proceso selectivo coa expresión da cualificación obtida, como ANEXO I a relación de aspirantes da quenda xeral e como ANEXO II a relación de aspirantes da quenda de persoas con discapacidade.

Consonte coa base 7.3 da Convocatoria as persoas aspirantes poderán, no prazo de sete (7) días hábiles contados a partir do día seguinte o da presente publicación, presentar reclamacións as puntuacións.

3. **CONVOCAR** ás persoas aspirantes que superaran o terceiro exercicio e que, segundo indica a convocatoria, **non teñan acreditada** exención da proba de informática, *á realización do cuarto exercicio que terá lugar o sábado 26 de novembro de 2022, na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Rúa Benigno Ledo, s/n, Campus Universitario; 27002 Lugo), en dúas quendas como a seguir se indica:*

- 1ª Quenda: **12:00 horas**. Único chamamento ás 11:30.
- 2ª Quenda: **13:00 horas**. Único chamamento ás 12:30.

Os aspirantes non exentos da proba de informática, son os que figuran na relación publicada o pasado día 11.7.2022 na páxina web do Servizo de Planificación e Programación de PAS, e nas sucesivas correccións publicadas os días 14.9.2022 e 10.10.2022.

(https://www.usc.gal/gl/servizos/plan_pas/modules/convocatorias/convocatoria_0059.html)

A distribución dos e das aspirantes nas respectivas quendas, así como das aulas asignadas publicaranse nas vindeiras semanas.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A presidenta do Tribunal
Carmen Martí Fernández

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 17/10/2022 14:03:18.

CSV: 9434-BD6E-4F1B-9DE3